

Resolución Reitoral do 16 de abril de 2024 pola que se convocan bolsas de mobilidade ao abeiro do programa ERASMUS+ *International Credit Mobility* KA171 para o estudantado de grao da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

A USC convoca para o curso académico 2024-2025 axudas de mobilidade para as universidades de Sarajevo e Banja Luka en Bosnia e Herzegovina dirixidas ao alumnado da USC matriculado nun grao ou dobre grao nas áreas de estudo dispoñibles segundo o indicado no Anexo I, ao abeiro do Programa Erasmus+ *International Credit Mobility* KA171 (en diante Erasmus+ KA171). As axudas corresponden aos proxectos 2022-1-ES01-KA171-HED-000074851 e 2023-1-ES01-KA171-HED-000131986 e impútanse con cargo á partida orzamentaria 8052-4914-49000.

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e dos recursos.

A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria, que está suxeita á normativa do programa Erasmus+ establecida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA. OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓNS

1.1. O obxecto da presente convocatoria é establecer as bases reguladoras do proceso de concesión de bolsas de mobilidade ao abeiro do programa Erasmus+ KA171 destinadas ao alumnado de grao ou dobre grao da USC durante o curso 2024-2025.

1.2. A finalidade das bolsas é ofrecer ao alumnado da USC a posibilidade de realizar estudos nas diversas universidades participantes no programa Erasmus+ KA171 coas que a USC teña subscrito o correspondente convenio e que cumpran as condicións de elixibilidade do programa para estudos de grao, indicadas polo SEPIE. O Anexo I desta convocatoria recolle a lista desas universidades e as áreas de estudo, así como o número de prazas ofertadas para cada destino. En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria axudas de mobilidade en institucións e áreas de estudo distintas das recollidas no Anexo I.

1.3. Recoñecemento de estudos. Os estudos realizados na universidade de acollida serán plenamente recoñecidos pola USC de conformidade co establecido no acordo de estudos e pasarán a formar parte do expediente académico do alumnado na USC. O recoñecemento só se denegará se o alumnado non acadara o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos da USC.

1.4. Duración da mobilidade. A mobilidade deberá ter unha duración mínima de 2 meses e máxima de 5 meses e deberá estar rematada antes do 15 de xullo de 2025.

O programa Erasmus+ permite realizar máis dunha mobilidade (tanto de estudos como de prácticas) ao longo de cada nivel educativo (grao, máster e doutoramento), ata un máximo de 24 meses nas titulacións de Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria, e de 12 meses no resto de titulacións impartidas na USC. A efectos prácticos, se un/ha estudante xa ten realizado mobilidades Erasmus+, só poderá obter unha das bolsas Erasmus+ KA171 desta convocatoria no caso de que lle queden 5 meses de mobilidade por consumir. O alumnado tamén estará suxeito ás limitacións establecidas no seu plan de estudos, á normativa de permanencia e ao resto de normativa aplicable.

1.5. Ampliacións de estadía. O alumnado que teña aceptada unha mobilidade para o primeiro semestre poderá solicitar unha ampliación da súa estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade, sempre e cando se cumpran os requisitos recollidos no apartado 1.4. As mobilidades semestrais realizadas no segundo semestre non poden ser ampliadas ao seguinte curso académico.

Para solicitar a ampliación a persoa interesada deberá recibir o consentimento por escrito do/a coordinador/a académico/a da USC e da universidade de acollida no formulario dispoñible para estes efectos. O alumnado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á Oficina de Mobilidade cun mínimo dun mes de antelación á data de fin da estadía inicialmente prevista. A Oficina de Mobilidade devolverá ao/á estudante unha copia asinada do impreso de ampliación confirmando a ampliación da estadía. Unha vez concedida a ampliación, o alumnado deberá tramitar cambios ao acordo de estudos para incluír nel as materias que cursará na universidade de acollida no segundo semestre, tendo en conta os requirimentos do mínimo e do máximo de créditos para mobilidades anuais. Aprobados os cambios ao acordo de estudos, estes serán remitidos pola Oficina de Mobilidade ao alumnado e á UXA correspondente. Esta ampliación será na modalidade “Bolsa Cero”, é dicir, sen axuda económica. Excepcionalmente, e unicamente no caso de existir dispoñibilidade orzamentaria nese proxecto, a ampliación poderá ser financiada.

SEGUNDA. AXUDAS ECONÓMICAS

2.1. A concesión dunha mobilidade Erasmus+ KA171 implica automaticamente ter dereito a unha axuda económica, que vai aparelada ao período de mobilidade e ao país de destino. A axuda europea ten por

obxecto contribuír aos gastos de mantenza e viaxe, non cubrir a totalidade dos gastos ocasionados. As contías para a mobilidade serán de dous tipos: axuda de mantenza e axuda de viaxe.

2.2. **Axuda de mantenza:** 700 €/mes. Trátase dunha cantidade fixa por número de meses de mobilidade. Os meses de mobilidade son calculados en base ao *Convenio Financeiro* asinado e ao *Certificado de Fin de Estadía*, debidamente cuberto e selado pola universidade de acollida, que o alumnado debe solicitar ao final do período de mobilidade. O alumnado que non aporte á Oficina de Mobilidade ese documento estará na obriga de devolver a totalidade da axuda económica recibida.

2.3. **Axuda de viaxe.** Para calcular a distancia en quilómetros dende o centro de estudos ata a cidade de destino, empregárase a calculadora de distancias indicada pola Comisión Europea, que se atopa na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

2.4. A seguinte táboa recolle as contías da axuda de viaxe e a bolsa de mantenza que concede a Unión Europea (UE):

| PAÍS DE DESTINO | Bolsa | Axuda de viaxe | TOTAL (por 5 meses de bolsa) |
|-----------------|-----------|----------------|---------------------------------|
| Bosnia | 700 €/mes | 360 € | 3.860 € |

2.5. A axuda aboarase nun único ingreso, sen ter que ser solicitada polo/a estudante, despois de que a Oficina de Mobilidade reciba o *Certificado de Chegada* do/a estudante á universidade de destino.

2.6. **Reembolso das axudas económicas.** O alumnado que realice unha estadía de duración inferior á orixinalmente establecida deberá reembolsar a parte proporcional da axuda recibida. Se a duración fose inferior a dous meses, o reembolso corresponderá á totalidade da bolsa.

TERCEIRA. REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

3.1. Nesta convocatoria poderá participar o alumnado matriculado na USC no curso 2023-2024 para realizar estudos oficiais de grao en campos de estudo para os cales sexa posible atopar equivalencias para a elaboración do *Acordo de Estudos* conforme os requisitos das prazas ofertadas nas universidades do Anexo I. O alumnado seleccionado para unha mobilidade deberá formalizar matrícula na USC no mesmo nivel de estudos no curso 2024-2025.

3.2. Nesta convocatoria exclúese expresamente o alumnado de másteres e de doutoramento, así como o alumnado que remate os seus estudos de grao no curso 2023-2024. Tamén queda excluído desta convocatoria o estudantado matriculado na USC en virtude de convenios ou programas de mobilidade.

3.3. Tamén serán excluídos do proceso de selección os/as candidatos/as que non teñan superado o 15% dos créditos da súa titulación de grao. Este requisito deberá terse cumprido con data 31/10/2023, non entrando no cómputo os créditos superados no curso 2023-2024. Entenderase que o alumnado que teña

solicitado recoñecemento de créditos cumpre este requisito se na data de peche de convocatoria figuran como superados no seu expediente académico como mínimo o 15% dos créditos da titulación. O requisito de ter superado o 15% dos créditos non será de aplicación para o alumnado que inicie unha segunda titulación da mesma rama de coñecemento ou afín á que rematou o curso anterior. Así, por exemplo, non rexeirá este mínimo naqueles casos en que o/a estudante teña superado previamente un minor e estea a cursar un maior dos graos impartidos pola Facultade de Filoloxía.

3.4. As persoas candidatas deben estar matriculadas como estudantes ordinarios/as na USC, independentemente da súa nacionalidade. As persoas que teñan nacionalidade comunitaria e aquelas de terceiros países deberán contar cun Número de Identificación de Estranxeiros (NIE), que lles será requirido pola Oficina de Mobilidade no seu momento.

3.5. O alumnado deberá acreditar, antes do remate do prazo de solicitude, o coñecemento da lingua oficial do país de destino ou da lingua de uso da universidade de acollida, de acordo co esixido no Anexo I desta convocatoria.

3.6. Para os efectos de poder participar na convocatoria, admitiranse como títulos oficiais acreditativos do nivel de idioma os recollidos na listaxe de títulos e certificados que figuran no Anexo II. O alumnado deberá cargar ditos certificados na súa solicitude.

3.7. Se o alumnado non posúe un certificado dos que figuran na devandita listaxe, deberá facer constar a superación da proba do CLM parte A do nivel B1, B2 ou C1 do idioma que pretenda acreditar antes do peche da convocatoria. Para acreditar o nivel para esta convocatoria só se terán en conta as probas do CLM realizadas antes do fin da presente convocatoria.

3.8. Non se lles esixirá acreditar o nivel de idioma a aquelas persoas que teñan como lingua materna a esixida para a universidade na que desexan realizar a mobilidade. Esta circunstancia deberase indicar e acreditar no momento de realizar a solicitude mediante unha copia do pasaporte ou tarxeta de identidade estranxeira.

3.9. Tamén estará exento de acreditar o coñecemento de idioma o alumnado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral de 02/03/2023 pola que se actualiza a acreditación de competencias lingüísticas adquiridas polo alumnado de grao da USC, que teñan superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en: <https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/30423/XA1410.pdf?sequence=1&isAllowed=y>.

3.10. Tamén está exento de acreditar o coñecemento de idioma o alumnado das diferentes titulacións filolóxicas que opte a prazas en universidades nas que a lingua de instrución coincida coa dos seus estudos e teña aprobado un mínimo de 12 créditos en materias de lingua instrumental.

3.11. Nos casos referidos nos dous parágrafos anteriores as persoas solicitantes deberán presentar a documentación acreditativa de ter superadas as materias necesarias para poder aplicarlle algunha destas exencións.

3.12. Os requisitos xerais para participar na convocatoria deberán posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o período de mobilidade.

3.13. Serán excluídas de oficio as candidaturas do alumnado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias da Oficina de Mobilidade, non presentase en prazo e forma a súa aceptación ou renuncia formal ou renunciara sen causa xustificada fóra de prazo. Así mesmo, serán tamén excluídas as candidaturas de alumnado que non cumprira cos procedementos establecidos para a mobilidade en convocatorias previas da Oficina de Mobilidade da USC.

3.14. Tamén se excluirán de oficio as candidaturas do alumnado que xa teña realizado unha ou varias mobilidades Erasmus+ de duración total superior a 20 meses no caso dos graos en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria, e superior a 7 meses no caso dos demais graos. Nos casos en que o alumnado solicitante estea realizando unha mobilidade Erasmus+ no curso académico 2023-2024 condicionarase a concesión da nova mobilidade á duración da estada no presente curso.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1. O prazo de presentación de solicitudes abrangue desde o día seguinte da publicación desta convocatoria ata o **30 de abril de 2024 (23:59h)**.

4.2. A persoa candidata deberá cargar na solicitude en liña toda a documentación requirida (documentos escaneados en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG; peso máximo 1 MB):

- a. Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado polo/a solicitante, segundo o modelo recollido no Anexo III.
- b. Certificación ou título que acredite o coñecemento de lingua estranxeira esixido pola universidade de destino (ver Anexo I).
- c. No seu caso, documento que acredite a nacionalidade do país de acollida para os efectos de exención da acreditación do coñecemento de idioma. No caso de que o alumnado teña realizada a Proba A do Centro de Linguas Modernas da USC (CLM), deberá indicalo no formulario de solicitude.
- d. Documentación acreditativa do código IBAN da conta bancaria na que desexan recibir a axuda da UE. Esta conta deberá ser dunha entidade bancaria radicada en territorio español e a persoa interesada deberá ser titular da mesma.

4.3. Conforme o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación de solicitudes farase a través do Rexistro Electrónico da USC, seguindo as seguintes instrucións:

- a. Acceso ao Rexistro Electrónico da USC a través da web da USC: Menú despregable: USC Virtual > Sede Electrónica > Servizos Persoais > Rexistro Electrónico (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) :
- b. Pasos a seguir:
 - (i) Realizárase unha solicitude xeral (non existe Procedemento).
 - (ii) Órgano ao que vai dirixido: Oficina de Mobilidade.
 - (iii) Asunto da solicitude: Solicitude axuda ERASMUS+ KA171 para alumnado de grao.
 - (iv) Como anexos engadíranse os documentos requiridos no apartado 2 da base cuarta desta convocatoria.

QUINTA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: PRIMEIRA FASE – ELIXIBILIDADE

5.1. O procedemento de selección estrutúrase en dúas fases. Nunha primeira fase compróbase a elixibilidade das persoas candidatas para descartar aquelas que non cumpran os requisitos para participar na convocatoria.

5.2. O alumnado que na súa solicitude non achegue a documentación esixida será excluído na listaxe provisional de candidaturas admitidas ao proceso de selección. Non obstante, disporá dun prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional para emendar a súa solicitude, achegando os documentos a través do Rexistro Electrónico da USC: <https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>

5.3. Transcorrido o prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas, xunto coa proposta de asignación de prazas derivada da base sexta.

SEXTA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: SEGUNDA FASE – ASIGNACIÓN DE PRAZAS

6.1. O proceso de asignación de prazas será competencia da Oficina de Mobilidade. A Comisión de Asignación estará formada pola Xefa da Oficina de Mobilidade, que actuará como presidenta, e por dous membros do persoal da Oficina de Mobilidade, un dos cales actuará como secretario/a.

6.2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos xerais desta convocatoria serán aceptadas como candidaturas válidas.

6.3. As prazas serán asignadas en base aos destinos solicitados polo/a estudante entre os ofertados no Anexo I e por estrita orde de media académica (media simple non penalizada con data de 30/10/2023). No caso de empate entre dúas candidaturas, terá prioridade o/a estudante con maior número de créditos superados. No caso de persistir o empate, terá preferencia a persoa solicitante que teña consumido un

menor número de convocatorias no total do seu expediente académico para a superación das materias do plan de estudos correspondente.

6.4. Efectuada a valoración, a Comisión de Asignación procederá á publicación dos resultados da proposta de adjudicación de axudas na Sede Electrónica da USC, coa indicación dunha lista ordenada das/os candidatas/os seleccionadas/os, así como unha lista de candidatos/as en agarda. No caso de que se produza algunha renuncia, que non se entregue a documentación requirida nas condicións e no prazo previstos ou que non sexa posible realizar a estadía por algún outro motivo, poderase adjudicar a mobilidade, se procede, aos candidatos/as da lista de agarda.

6.5. As persoas candidatas disporán dun prazo máximo de 5 días hábiles para presentar reclamacións contra esta lista perante a Oficina de Mobilidade. As reclamacións serán resoltas pola mesma comisión e debidamente notificadas ás persoas reclamantes.

6.6. Transcorrido o prazo establecido pola convocatoria sen que se presentase ningunha reclamación ou unha vez resoltas as presentadas, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización publicará na Sede Electrónica unha proposta global e definitiva das prazas seleccionadas. Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

6.7. A adjudicación da praza por parte da USC non implica que a persoa solicitante sexa necesariamente aceptada na institución de destino, que se reserva a potestade de admisión.

SÉTIMA. ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

7.1. Tras a publicación da proposta global e definitiva, a Oficina de Mobilidade facilitará ao estudiantado seleccionado os impresos de aceptación e renuncia para que acepten ou rexeiten a praza concedida nun prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación. O alumnado seleccionado está obrigado a manifestar en tempo e forma a súa aceptación ou renuncia á praza concedida.

7.2. O incumprimento do anterior, así como a renuncia fóra do prazo establecido sen causa xustificada debidamente acreditada, será motivo de exclusión en posteriores convocatorias da Oficina de Mobilidade.

OITAVA. OBRIGAS DO ALUMNADO SELECCIONADO

8.1. Unha vez aceptada a mobilidade, o alumnado seleccionado deberá:

- a. Poñerse en contacto co/a Responsable Académico/a de Mobilidade (RAM) ou persoa que realice a coordinación académica deste programa no seu centro para recibir información sobre o recoñecemento académico dos estudos a realizar durante o período de mobilidade. Este paso pode ser previo á asignación de destino.

- b. Completar e enviar á universidade de destino os formularios de candidatura e/ou outra documentación requirida por esta dentro dos prazos establecidos pola mesma de acordo coas súas propias normas de organización. Na maioría das universidades de acollida é preciso facer unha solicitude de admisión como estudante Erasmus+ (*Erasmus Application Form*) con moita antelación ao período de mobilidade. É responsabilidade única e exclusiva do alumnado facer a súa solicitude de admisión en tempo e forma. Os casos en que o estudantado non sexa admitido por non presentar a súa solicitude en tempo ou consonte as esixencias da universidade de acollida serán considerados renuncias fóra de prazo e implicarán penalización para futuras convocatorias de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade.
- c. Elaborar, co asesoramento do/a RAM ou persoa que realice a coordinación académica deste programa no seu centro, un **acordo de estudos (*Learning Agreement*)** no formato que dispoña a Oficina de Mobilidade conforme o establecido na base novena desta convocatoria. A data límite para entregar o acordo de estudos no decanato ou dirección do centro é o 31 de maio de 2024 para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo e o 15 de outubro de 2024 para as mobilidades do segundo semestre.
- d. Realizar unha proba de avaliación lingüística do idioma no que se recibirá a docencia na universidade de acollida antes do comezo da mobilidade. O estudantado seleccionado será informado debidamente sobre esta obriga e sobre o uso da ferramenta lingüística OLS pola Oficina de Mobilidade.
- e. Asinar un **convenio financeiro** cunhas cláusulas mínimas. O devandito convenio seralle facilitado ao alumnado no seu debido momento. Este convenio deberá ser asinado en todo caso antes da incorporación á universidade de destino. A Oficina de Mobilidade non asinará o convenio financeiro antes de dispoñer do acordo de estudos do/a estudante debidamente asinado pola persoa que realiza a coordinación académica na USC e polo/a supervisor/a académico/a da universidade de destino. A Oficina de Mobilidade proporcionará a cada persoa seleccionada o correspondente documento acreditativo de ser bolseiro/a Erasmus+ ICM (**Credencial Erasmus+ ICM**) unha vez que o convenio financeiro estea asinado por ambas partes.
- f. Remitir á Oficina de Mobilidade (erasmus.ka107@usc.gal) o **Certificado de Chegada**, debidamente asinado e selado pola universidade de acollida, nun prazo de 5 días desde o inicio da mobilidade. O pago das axudas económicas só se realizará previa recepción pola Oficina de Mobilidade deste certificado de chegada.
- g. Realizar na universidade de destino os estudos para os que se lle outorgou a bolsa ata o remate do período de mobilidade. Se durante o período de vixencia da bolsa o/a estudante decide acurtar a súa estadía, deberá comunicalo por escrito ao/á RAM ou persoa que realice a coordinación académica do programa no seu centro e á Oficina de Mobilidade, así como á universidade de acollida. Así mesmo, deberá reintegrar a parte proporcional da axuda recibida polo tempo que non realizou a estadía na universidade de acollida, de acordo co punto 2.6 da presente convocatoria. Nestes casos, o alumnado terá dereito a reincorporarse á docencia na USC sempre que comunique a súa decisión firme de renunciar á súa mobilidade antes do remate

- do prazo de modificación de matrícula establecido na convocatoria de matrícula da USC. Transcorrido ese prazo, non se garante que o alumnado poida reincorporarse á docencia da USC con normalidade.
- h. Regresar do período de mobilidade cunha cualificación para as materias incluídas no acordo de estudos, sexa de superación das mesmas ou de suspenso. O incumprimento desta obriga terá como consecuencia a exclusión do alumnado afectado de calquera outra convocatoria de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade. Non obstante, se se acreditase a existencia dun suposto de forza maior que impedira a realización das actividades programadas e a presentación ás probas de avaliación, poderá solicitarse a admisión en futuras convocatorias, sempre que o suposto aparecera inmediatamente antes das probas e non se observe unha continuación prolongada da estadía durante a validez deste suposto.
 - i. Cumprimentar o modelo de **Certificado de Fin de Estadía** dispoñible na web da Oficina de Mobilidade. O certificado deberá ser asinado e selado polas persoas responsables da universidade de acollida antes do remate da estadía. Este certificado orixinal deberá ser entregado na Oficina de Mobilidade no prazo dun mes despois de rematar a estadía e, en todo caso, antes do 15 de marzo de 2025 para as mobilidades do primeiro semestre e antes do 15 de setembro de 2025 para o resto de mobilidades. O incumprimento desta obriga implicará a devolución da totalidade da axuda económica aboada.
 - k. Conseguir a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, imprescindible para poder realizar o recoñecemento dos seus estudos realizados fóra da USC, conforme o establecido na base undécima desta convocatoria.
 - l. Realizar ao remate da estadía un **informe final (EU Survey)** a través da plataforma que a UE ten habilitada para este propósito. Este informe é obrigatorio e debe ser cumprimentado nun prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da invitación por correo electrónico.
 - m. Presentar na Oficina de Mobilidade calquera documentación ou informe que lle sexan requiridos, tanto durante a súa estadía como rematada a mesma.

NOVENA. ACORDO DE ESTUDOS (**LEARNING AGREEMENT**)

9.1. O alumnado que resulte seleccionado para participar no programa Erasmus+ KA171 deberá, con carácter previo á súa incorporación á universidade de destino e contando co asesoramento da persoa que realice a coordinación académica deste programa no seu centro, un acordo de estudos no formato normalizado ERASMUS+ ICM KA171 da USC. O acordo de estudos inicial e as súas posibles modificacións son a base do recoñecemento e deberán ser aprobados polo/a coordinador/a e a Oficina de Mobilidade en nome da USC e pola/-s persoa/-s competentes na universidade de acollida.

9.2. O acordo de estudos terá carácter vinculante sempre que estea asinado pola USC e pola institución de acollida e se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio, o plan de estudos do/a estudante e as normas de matrícula e permanencia. O acordo de estudos inicial proposto polo/a estudante e polapersona que realice a coordinación académica na USC poderá requirir de modificacións, se así o estima

a institución de acollida. Se a universidade de acollida non acepta a proposta de acordo de estudos, o estudiantado terá que reelaborar o seu acordo, aínda que xa teña rematado o prazo para a súa elaboración. Unha vez asinado o acordo de estudos por ambas universidades, non se admitirán a trámite modificacións antes da incorporación do alumnado á universidade de acollida.

9.3. No acordo de estudos incluíranse as materias ou actividades que se van cursar na universidade de destino (táboa A) e as materias correspondentes ao plan de estudos que se está a cursar na USC, cuxo recoñecemento se vai obter como consecuencia da superación daquelas (táboa B), así como a equivalencia en créditos.

9.4. O estudiantado poderá incluír materias suspensas no acordo de estudos consonte a Instrución 1/2013, da Secretaría Xeral da USC do 15 de maio de 2013 dispoñible en <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/51/carga.htm>. O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Deste xeito, un/ha estudante matriculado en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos. Do resto das materias suspensas non poderá matricularse, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade. As materias que aparecen no expediente como “Non presentado” non forman parte deste cómputo.

9.5. No acordo de estudos poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe “Créditos optativos xenéricos – programa de intercambio”, naqueles casos onde as actividades que o alumnado vaia realizar na universidade de acollida non coincidan coas materias propias da súa titulación na USC. O número de créditos optativos xenéricos ten que coincidir exactamente co número de créditos ECTS da actividade na universidade de acollida. Na resolución de recoñecemento de estudos terá que figurar a denominación concreta e os créditos aplicables a cada materia ou actividade realizada. Pódense incluír créditos optativos xenéricos na parte da USC, pero non na parte correspondente ás materias ou actividades a cursar na universidade de acollida. Estas teñen que estar claramente reflectidas no acordo de estudos. Non se poderán recoñecer por créditos optativos xenéricos os excedentes de créditos das materias cursadas en destino e que sexan recoñecidas contra materias da USC. A modo de exemplo: unha materia de destino de 9 ECTS non poderá ser recoñecida por unha da USC de 6 ECTS e 3 créditos optativos xenéricos; só se poderán recoñecer os 6 ECTS da materia na USC.

9.6. As cualificacións trasladadas ao expediente académico serán as que figuren na certificación expedida pola universidade de destino, sen que se poida realizar ningún tipo de ponderación. Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no acordo de estudos, nin aqueles dos que o alumnado non se matriculase previamente na USC.

9.7. O número mínimo de créditos que se deben incluír no acordo de estudos (na parte da USC) é o equivalente a 40 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 20 ECTS para un semestre. O número máximo de créditos que ordinariamente se incluírán no acordo é o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS para un semestre. Só en casos en que así o esixa

a adaptación curricular ao sistema de semestres, o alumnado que realice unha estada de mobilidade dun semestre poderá superar o límite de 30 ECTS, ata un máximo de 35 ECTS e de 45 ECTS para os dobres graos. Para as mobilidades anuais, de forma extraordinaria e en función de circunstancias académicas acreditadas polo centro, o alumnado poderá matricular ata 75 ECTS en materias de intercambio, ampliable a 90 ECTS para os dobres graos, sempre que a universidade de acollida acepte asinar o acordo de estudos deste alumnado e lle permita cursar ese número de créditos.

9.8. O período de estudos poderá incluír unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao poderán defenderse ben na USC, ben na universidade de destino, segundo quede establecido pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao da USC e sempre que o permita o centro no que estea matriculado o alumnado.

9.9. O acordo de estudos poderase modificar ata un mes despois do comezo das clases na universidade de destino. A modificación seguirá o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial, utilizando o modelo que estableza a Oficina de Mobilidade.

9.10. Rematado o prazo dun mes, a modificación do acordo de estudos só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas (por exemplo, o incumprimento das normas de matrícula ou cambios na oferta académica da universidade de acollida).

9.11. Toda modificación do acordo de estudos que afecte ás materias da USC levará aparellada a modificación da matrícula. Unha vez os cambios estean aprobados pola USC, darase traslado dos mesmos ao/á estudante, que deberá contactar coa UXA correspondente para solicitar a modificación da súa matrícula consonte os cambios ao acordo de estudos aprobados.

DÉCIMA. MATRÍCULA

10.1. O alumnado deberá formalizar a matrícula na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos dentro dos prazos ordinarios establecidos. A matrícula non poderá contravir o plan de estudos nin as normas de matrícula e de permanencia da USC. A matrícula na USC reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

10.2. As universidades de destino outorgarán matrícula gratuíta ao alumnado seleccionado pola USC. Polo tanto, este non deberá pagar taxas académicas na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Non obstante, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir custos de seguro, afiliación a sindicatos de estudantes e/ou o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio etc., nas mesmas condicións que o estudantado ordinario desa institución.

10.3. Unicamente se poderá formalizar matrícula para render exame na USC nas materias semestrais que non se correspondan co semestre de mobilidade, se o período de mobilidade é dun semestre. O alumnado

tamén poderá matricular os traballos de fin de grao e as prácticas para realizalos na USC sen telos incluídos no acordo de estudos, cando se cumpran os requisitos regulares para facelo. O número máximo de créditos dos que se pode matricular o alumnado sumando as materias incluídas no acordo de estudos e as non incluídas nel é de 75 ECTS en graos ou 90 ECTS en dobres graos.

10.4. O alumnado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos da universidade de destino e disporá das convocatorias de exame que esta teña establecidas. Non obstante, ao alumnado permitiráselle presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- a. Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- b. Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso se permitirá presentarse a exame na USC de materias das que o alumnado estea matriculado na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da USC.
- c. Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á segunda oportunidade deberá realizarse perante a coordinación académica por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do inicio do período de exames de segunda oportunidade. A coordinación académica comprobará que a solicitude reúne os requisitos e remitirá ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RAM ou coordinador/a académico/a do programa no centro autorizará ou desestimar a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicarao con antelación suficiente ao/á profesor/a da materia antes da avaliación e á persoa interesada. A Unidade de Apoio á Xestión do centro comunicará á UXA correspondente a relación do alumnado que se vai acoller a esta posibilidade para que se lle retire a condición de estudantado de intercambio na acta e que poida ser cualificado.

10.5. De xeito complementario ao seguro escolar de subscrición obrigatoria para todo o alumnado da USC, o alumnado seleccionado para unha mobilidade Erasmus terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que ten establecido a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación deste seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada dende a Secretaría Virtual do alumnado.

UNDÉCIMA. RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

11.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, o alumnado deberá solicitar do órgano competente nesa universidade a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada. As cualificacións emitidas en formato dixital polas universidade estranxeiras só se considerarán válidas nos casos en que se poida comprobar a súa autenticidade por medios electrónicos ou no caso de que sexan enviadas por correo electrónico directamente dende as universidades de acollida aos decanatos ou á Oficina de Mobilidade (aínda que non teñan certificado dixital). Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva dos/as propios/as discentes. É responsabilidade do estudiantado conseguir esa certificación, que é imprescindible para poder realizar o recoñecemento dos estudos realizados fóra da USC. A USC non se responsabilizará naqueles casos onde o alumnado, debido a unha recepción tardía do certificado académico da universidade de acollida, non poida cumprir con prazos (por exemplo, de admisión en másteres, de presentación de TFG, de realización de prácticas etc.) do mesmo ou do seguinte curso académico.

11.2. Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no acordo de estudos nin aqueles dos que o/a estudante non se matriculase previamente, sen prexuízo da posibilidade da súa constancia no Suplemento Europeo ao Título (SET).

11.3. Recibida a certificación académica oficial da universidade de destino, o/a coordinador/a académico/a fará chegar á Unidade de Apoio á Xestión do centro a proposta de resolución de recoñecemento de estudos. A proposta fixará as materias para as que se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas, que en ningún caso poderán ser diferentes ás que figuren na certificación académica oficial expedida pola universidade de destino. Desde a Unidade de Apoio á Xestión do centro verificarase que se corresponde co recollido no acordo de estudos, coa matrícula formalizada e coa certificación académica oficial da universidade de destino.

11.4. Para o recoñecemento e, en especial, o establecemento da equivalencia de cualificacións, estarase ao disposto na normativa vixente aprobada pola USC.

11.5. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola Unidade de Apoio á Xestión do centro ao/á decano/a ou director/a do mesmo para que se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións orixinais para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no expediente do/a estudante na primeira convocatoria ordinaria en que se poidan incluír. A resolución de recoñecemento debe trasladar as cualificacións outorgadas ao sistema español tal como veñen recollidas na certificación emitida pola universidade de acollida.

11.6. O recoñecemento dos estudos queda supeditado ao cumprimento de todas as obrigas por parte do alumnado Erasmus+. En caso de que o/a estudante teña que devolver parte do importe da axuda recibida, o recoñecemento académico non se tramitará ata que se produza a devolución.

DUODÉCIMA: RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)

A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/04/2024 14:09:13.

CSV: 4AA0-EE91-46D1-8C5B